



Concello de Mazaricos

Asunto: Contratación dos componentes da brigada de prevención e defensa contra incendios forestais.

DECRETO DE ALCALDÍA.

Por memoria de Alcaldía, de data 22 de Xuño de 2015, ponse de manifesto a necesidade de proceder a contratación, en réxime laboral temporal, de un capataz, un peón-conductor e tres peóns para a brigada de prevención e defensa contra incendios forestais.

Mediante Decreto, de data 22 de Xuño de 2015, esta Alcaldía convoca procedemento público para a selección do persoal a que se fixo referencia no párrafo anterior, e aproba as bases que rexerán o proceso correspondente.

Resultando que de conformidade co Art 5º das Bases que rexen o presente proceso selectivo procedeuse a publicación de un anuncio, convocando a todos os interesados a presentar instancia para tomar parte no proceso selectivo, no taboleiro de anuncios do Concello e na web municipal (www.mazaricos.net) o día 23/06/2015. Visto que o prazo para a presentación de solicitudes de participación abarca dende o día 24/06/2015 ó 1/07/2015.

Visto que as Bases que rexen a presente contratación establecen:

“As solicitudes para tomar parte neste proceso selectivo presentaranse mediante instancia dirixida ao Sr Alcalde de Mazaricos no modelo oficial que se facilitará na devandita entidade. Os interesados presentarán unha instancia para cada unha das prazas ás que aspiren acceder e cada instancia irá acompañada da documentación a que se refire a presente base. Teñase en conta no tocante aos méritos obxecto de valoración na fase de concurso que éstos son diferentes para cada praza. ... (Base 5ª)

Rematado o prazo de presentación de instancias, a Presidencia da Corporación, dictará resolución na que se aprobará a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as que se publicará no taboleiro de edictos do Concello, e concederase un prazo de dous (2) días hábiles para os efectos de reclamacións ou subsanacións de erros. Os aspirantes que dentro do prazo sinalado non subsanasen a exclusión ou non alegasen a omisión, xustificando o seu dereito a seren incluídos na relación de admitidos, serán definitivamente excluídos da realización das probas. De non se presentaren reclamacións dentro deste prazo, a relación de admitidos elevarase a definitiva. No caso de que fosen admitidos tódolos aspirantes presentados, poderá dictarse directamente a lista definitiva de admitidos, sen prexuízo de que contra a mesma se poderá interpoñer os recursos procedentes en dereito.

As reclamacións, se as houberse, serán resoltas na resolución pola que se aprobe a lista definitiva que se publicará do mesmo xeito que a provisional. Nesta mesma resolución figurará a composición do tribunal, o lugar e data da celebración da proba física e da valoración dos méritos. (Base 6ª).”

Visto que segundo a documentación obrante no expediente ten finalizado o prazo de presentación de solicitudes, polo presente **RESOLVO:**

Primeiro. Aprobar a lista de admitidos e excluídos no meritado proceso selectivo que figura como anexo a esta resolución e darlle publicidade a través do Taboleiro de anuncios da Casa do Concello.

Segundo. De conformidade coa base 7ª, o tribunal calificador estará composto polos seguintes membros:

1. Presidente: O interventor municipal ou funcionario en quen delegue.



Concello de Mazaricos

2. Secretario: a da Corporación, ou funcionario en quen delegue.
3. Vocais:
 - O Técnico Local de emprego do Concello
 - O Técnico de deportes
 - O Enxeñeiro Técnico Municipal

Terceiro. Convocar ós membros do tribunal e aos aspirantes admitidos para a celebración da **proba de aptitude física** a que se refire a base 8ª, o día 8 de Xullo de 2015 ás 9:00 horas, no campo de fútbol de O Pino- Concello de Mazaricos. Recórdase que os aspirantes deberán vir provistos de zapatillas de deporte e dunha mochila cargada cun peso de 10 kg.

O resultado da proba coa indicación dos aspirantes que acadan a calificación de apto ou non apto publicarase no taboleiro de anuncios do Concello no mesmo día.

Cuarto. Convocar ós membros do tribunal a para a reunión do mesmo, en sesión non pública, a efectos de valorar os méritos alegados e debidamente acreditados para a fase de **concurso** o día 10 de Xullo de 2015 ás 9:00 horas na Casa do Concello de Mazaricos sita na Avenida 13 de Abril, 59 - A Picota.

En Mazaricos a 3 de Xullo de 2015.

O ALCALDE – PRESIDENTE

Asdo. D. Juan J. Blanco Riveiro.



A SECRETARIA, que dou fe.

Asdo. Dª. Ana Mª Reyes Cambre.





Concello de Mazaricos

LISTA DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS NO PROCESO SELECTIVO DO PERSOAL INTEGRANTE DA BRIGADA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS.

LISTA DE ADMITIDOS

- **CAPATAZ**

JOSÉ M. CALVO RÍOS
SILVIA FERNÁNDEZ PADILLA

- **PEÓN CONDUCTOR**

SERGIO OTERO TRILLO
JAVIER SENDÓN MOREIRA
OSCAR LAGO MOREIRA
ALBERTO CIVES TRILLO
JOSÉ MIGUEL BLANCO MARTÍNEZ
SILVIA FERNÁNDEZ PADILLA
IVÁN LAGO MOREIRA
JORJE GONZÁLEZ RIOMAIOR
LUIS CASTELO CAAMAÑO
ÁNGEL CERBÁN TRABA
JOSÉ M. CALVO RÍOS

- **PEÓN**

SERGIO OTERO TRILLO
JAVIER SENDÓN MOREIRA
OSCAR LAGO MOREIRA
ALBERTO CIVES TRILLO
JOSÉ MIGUEL BLANCO MARTÍNEZ
SILVIA FERNÁNDEZ PADILLA
IVÁN LAGO MOREIRA
JORJE GONZÁLEZ RIOMAIOR
LUIS CASTELO CAAMAÑO
ÁNGEL CERBÁN TRABA
JOSÉ M. CALVO RÍOS
DAVID AMEIJERAS PÉREZ



Concello de Mazaricos

LISTA DE ASPIRANTES EXCLUÍDOS

NINGÚN